

Asunción Vilas López, *A Vidala*

LOURIZÁN, 1913-1989

“Naquel tempo xa sabes que esas cousas se tapaban. Era unha vergoña”, di Carmen Vilas López sobre o paso da súa nai, Asunción Vilas López, polas prisións de Pontevedra e Saturrarán tras o golpe de Estado de 1936.

Alcumada *A Vidala*, Asunción naceu en Lourizán en 1913. Cando chegou a II República tiña apenas dezoito anos, pero ser tan nova non lle impediu traballar na defensa das persoas que como ela, operaria da lonxa de Marín, gañaban o sustento co traballo. O mérito era dobre posto que pertencía a unha familia conservadora.

“O meu avó era carabineiro, tiña un tío garda civil, outro capitán do exército de terra, entón a miña familia máis ben era un pouco... non de dereitas precisamente pero...” [Carmen Vilas, filla de Asunción Vilas, *A Vidala*.]

Asunción era moi pequena cando quedara orfa. A súa nai, que se chamaba coma ela, sacou adiante seis criaturas nun tempo en que non existían as pensións de viuvez, mesturando o seu traballo, tamén na lonxa de Marín, coa venda de produtos polas aldeas. Ademais exercía como parteira, profesión que lle posibilitaba algún extra inesperado:

“A miña avoa vendía peixe polas aldeas. Ía andando desde O Marco ata A Canicouva, todo polo monte, e facía o *trueque*: levaba o peixe e traía o



pan, traía ovos, traía fariña... cousas así. E polo que teño oído tamén se lle daba moi ben facer de parteira... Lembro que a miña nai me dicía que cando ía polas aldeas e había un defunto, comentábanlle á miña avoa: ‘Mire señora Asunción, que morreu *fulanito* e non pode faltar...’ O meu tío Pepe, o que despois foi Garda Civil, ía con ela, porque na aldea, cando morría calquera facían o velorio na casa e convidaban á xente de máis preto para comer, por iso o meu tío Pepe dicía que ía con ela, para poder comer”. [Carmen Vilas, filla de Asunción Vilas, *A Vidala*.]

As contas nunca daban no fogar dunha viúva con seis crianzas e Asunción López Vilas, a nai da Vidala, mesmo tivo que vender unha finca situada fronte á súa casa e outra un pouco máis arriba, cunhas preciosas vistas ao mar, para pagar a contribución. Mais, pese aos apuros, empeñouse en dar educación a toda a descendencia, nenos e nenas, que para iso ela mesma tivera estudos nunha época en que non era habitual mandar as mulleres á escola. E segundo conta a neta foi a primeira da familia en sufrir as consecuencias da falla de liberdade.

“A miña avoa ía á escola, que daquela non todo o mundo ía pero ela si. Tiña un tío que era cura e de nena, mentres lle ensinaba o catecismo, foi e tamén lle ensinou uns mandamentos que se cantaban daquela: El primero, España pobre, sin dinero. El segundo, hay revolución por todo el mundo... El tercero, no hay palabra de caballero. El cuarto, no tenemos ni para un cuarto. El quinto, los ministros se llenan bien el cinto... Un día, estando na escola, o cura que lle facía de mestre preguntou que quen sabía os mandamentos e ela, que sabía eses que lle ensinara o tío, dixo: ‘eu, eu, eu...’ O cura deixoullos cantar todos e contaba a miña nai que, en canto acabou, colleuna da trenza, que tiña unha trenza moi longa, e deulle unha tunda. O tío díxolle que eran eses os mandamentos e ela foi e plantoullos ao mestre. Tería dez anos ou así”. [Carmen Vilas, filla de Asunción Vilas, *A Vidala*.]

O defunto do pai da *Vidala* fora carabineiro e a súa descendencia puido beneficiarse da oportunidade que daquela lle daban “aos fillos do corpo” para estudar fóra. O seu fillo Lino, o maior dos irmáns, marchou, e o mesmo fixo Pepe, un dos pequenos, que remataría sendo garda civil. Tamén a súa filla Remedios se formaría na capital, entre outras materias, en mecanografía. Pero Asunción non. Asunción seguiu os pasos da súa nai e púxose a traballar na lonxa de Marín, pois aínda que a súa casa está no Marco, lugar pertencente ao Concello de Pontevedra, territorialmente está tan preto de Marín, que ela sempre fixo vida alí.

A lonxa de Marín non foi allea aos novos aires da República e súa filla sitúa aí o inicio da inquedaanza política de Asunción Vilas:

“Mentres andaba a empacar e esas cousas, cantaba cancións de antes que seica ao novo réxime non lle gustaban. Ela sempre me dicía:



-A min non me prenderon por facer nada malo, eu cantaba cousas que non lles gustaban, ou diciamos, isto non pode ser, manifestabámonos con xente do pobo que traballaba na lonxa de Marín...

Logo souben, polo historiador Celso Milleiro, que a miña nai estivo nas barricadas cando foi do golpe. Pero o único que ela me dicía era que daquela che collían manía polas ideas que tiveras, polo que falaras ou deixaras de falar...". [Carmen Vilas, filla de Asunción Vilas, *A Vidala*.]

Carmen naceu no 1953, moitos anos despois de que Asunción Vilas saíra do cárcere, tras ser condenada a doce anos por "auxilio á rebelión". Xa era unha rapaza cando a súa nai lle falou daquilo e tampouco demasiado:

"Non era un tema tabú pero tampouco unha conversa habitual, estaba como un pouco tapado, pero eu ía con ela á praza e ela falaba cunhas mulleres que vendían verduras e peixe, que estiveran con ela no cárcere. Dicían 'ai miña filliña, que miseria se pasaba, o que pasamos naquel cárcere, o que nos fixeron...' e miña nai pedíalles: 'non faledes diso'. Eu ás veces preguntaba pero outras dábame apuro. Naquel tempo non era coma hoxe, daquela que a túa nai estivera presa por ideas políticas dábache como un pouco de vergoña, pensabas... que van dicir?". [Carmen Vilas, filla de Asunción Vilas, *A Vidala*.]

As vendedoras eran as irmás Ramona e Adelina Otero Martínez, veciñas de Cantodarea, alcumadas *As Casqueiras*, que tamén estiveron en Saturrarán pola súa implicación na loita sindical. *A Vidala* sempre mantivo moi boa relación con elas, igual que con Aurora, María e Nicereta Martínez Fernández, *As Corseteiras*:

"Sei que estivo no cárcere coas Corseteiras, que mo ten dito. De feito levábame alí. Cando eu tiña catorce ou quince anos seguía indo á tenda que tiñan nos Soportais". [Carmen Vilas, filla de Asunción Vilas, *A Vidala*.]

Asunción faloulle á filla das compañeiras que atopou neses días de medo e falta de liberdade, e da veciñanza asasinada en lugares de oprobio como o Pozo da Revolta. Pero non da parodia de causa xudicial que a condenara a ela, nin tampouco lle dixo que sufrira o machista castigo da rapa. Sóuboo décadas despois grazas ao traballo do historiador Celso Milleiro.

A súa filla cre que foi o forte cólico de ril que sufriu na cadea, unido ás influencias dun irmán garda civil e o outro, Lino, comandante do exército de Burgos en plena guerra civil, o que posibilitou que Asunción abandonase a prisión vasca e regresase ao fogar que compartía en Lourizán coa súa nai e, a partir de 1953, tamén coa filla.

"Eu era filla de solteira. O meu pai era un garda municipal da Graña co que nunca tiveron relación...". [Carmen Vilas, filla de Asunción Vilas, *A Vidala*.]



A *Vidala* sacouna adiante soa, sobre todo grazas ao seu traballo na lonxa:

“Nas bodegas da lonxa empacaban o peixe con fento e xeo para mandar a Madrid. A miña nai traballou toda a vida aí. Aínda lembro que cando viña eu da escola, ía con ela ao monte buscar feixes de fento. (...) Traballaba cun señor catalán, José Comas, que sempre a tivo asegurada, que era ben raro daquela, e puido logo ter unha pensión. De feito, grazas a que a miña nai gardou unhas nóminas de entón, puido unha veciña cobrar tamén a súa. Antes non había ordenadores nin nada diso e foi grazas a eses datos da miña nai que a compañeira puido cobrar”. [Carmen Vilas, filla de Asunción Vilas, *A Vidala*.]

Como todas as mulleres que na longa posguerra tiveron que sacar adiante as súas familias, Asunción viuse obrigada a traballar arreo, mesmo estando enferma:

“A miña nai pasábaas negras porque gañaba unha miseria (...) Traballou ata ben maior. De feito cando estaba enferma dicíalle o señor da empresa que aínda que estivera de baixa fora traballar alí á súa casa que tiña un baixo onde empacaba peixe. E ela ía cando se encontraba ben”. [Carmen Vilas, filla de Asunción Vilas, *A Vidala*.]

E aínda soa, e a pesar da dureza dos tempos, logrou que a filla sempre tivese que comer:

“Eu nunca pasei fame, a verdade, nunca, porque ela traballaba na lonxa e traía peixe, marisco e facían o trueque (...) E ao ser o meu avó carabineiro, a miña nai tiña un carné e podíamos ir ao economato da Garda Civil comprar.” [Carmen Vilas, filla de Asunción Vilas, *A Vidala*.]

Carmen estudou na escola de Cantodarea e logo no grupo escolar de Villamarín. Como a súa nai, acabou na escola dos Praceres, pero xa de moza:

“Despois de ir ao colexio, de chavala, fun ás monxas de Placeres. Xa eu estaba traballando. Quería aprender un pouco inglés e había unha monxa que era dunha familia moi adiñeirada da banca catalá, María Teresa Paul; aínda teño a imaxe dela. Iamos pola tarde dúas ou tres compañeiras e ela dábanos inglés gratuitamente”. [Carmen Vilas, filla de Asunción Vilas, *A Vidala*.]

Aínda que nunca se sentiu discriminada, Carmen era consciente de que ser filla de solteira pechaba algunhas portas daquela España gris dos anos 60:

“Sendo filla de solteira non te deixaban entrar en certos bailes de sociedade, oías: como é filla de solteira...” [Carmen Vilas, filla de Asunción Vilas, *A Vidala*.]

Máis custo que tivo para *A Vidala* a súa implicación política, e sobre todo sindical, non foi quen de facela cambiar e, segundo conta a súa filla, votou á esquerda en cada elección que celebrou a democracia ata a súa morte, no ano 1989, catorce



despois da do ditador, que tras o moito vivido provocoulle máis inquedanza que ledicia:

“Cando morreu Franco ela pensaba que vai pasar agora, haberá outra vez unha guerra... e non o celebrou. Elas aínda tiñan medo ao que puidera pasar”. [Carmen Vilas, filla de Asunción Vilas, *A Vidala*.]